

# Enquisa de poboación activa. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica

Resumo de resultados 20/10/2023

## Índice

Introdución.....	1
Mobilidade da poboación ocupada .....	2
Mobilidade da poboación parada .....	6

## Introdución

A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación por mostraxe, continua e dirixida ás vivendas familiares que o Instituto Nacional de Estadística (INE) realiza desde 1964. En xullo de 2008 firmouse un convenio de colaboración entre o INE e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a duplicación da mostra no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

A finalidade principal da EPA é coñecer a actividade económica no relativo ao seu compoñente humano. Está orientada a dar datos das principais categorías poboacionais en relación co mercado de traballo ( persoas ocupadas, paradas, activas e inactivas) e a obter clasificacións destas categorías segundo diversas características. Tamén posibilita confeccionar series temporais homoxéneas de resultados.

O obxectivo da *Estatística de mobilidade laboral e xeográfica* é investigar a relación entre a empregabilidade das persoas e a súa disposición a cambiar de residencia, a través do estudo conxunto das características laborais e o tempo que levan vivindo no municipio, en colaboración co INE.

A *Estatística de mobilidade laboral e xeográfica* toma como base a mostra da EPA do primeiro trimestre do ano e incorpora información do último movemento do *Padrón municipal de habitantes* que supoña un cambio no municipio de residencia.


## Mobilidade da poboación ocupada

No primeiro trimestre de 2023 residían en Galicia 1.103.700 persoas ocupadas, das cales o 2,7% cambiara de municipio de residencia facía menos dun ano. Por outra banda, o 13,9% levaba vivindo no mesmo municipio entre 1 e 5 anos e o 83,4% restante 5 ou máis anos.

### Distribución da poboación ocupada segundo o tempo de residencia no municipio. Galicia. Ano 2023

*Unidade: porcentaxe (%)*

<span style="color: #006400;">■</span> Menos dun ano <span style="color: #003399;">■</span> Entre 3 e menos de 5 anos	<span style="color: #CC9900;">■</span> Entre 1 e menos de 3 anos <span style="color: #800080;">■</span> 5 anos ou máis
--	---



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica ([descarga da táboa](#))

Ao considerar a idade dos traballadores e das traballadoras, obsérvase como a mobilidade é maior entre a poboación ocupada máis nova. O 4% dos mozos e das mozas menores de 25 anos levaba residindo no mesmo municipio menos dun ano e para a poboación ocupada de entre 25 e 34 anos (ambos inclusive) esta porcentaxe era do 5,8%. No outro extremo atopábanse as persoas de 45 ou máis anos. Para este colectivo, a porcentaxe de persoas que cambiaran de municipio de residencia facía menos dun ano situábase no 1,3% no primeiro trimestre de 2023.



## Poboación ocupada segundo a idade e o tempo de residencia no municipio. Galicia. Ano 2023

*Unidade: miles de persoas*


Idade	Total	Menos dun ano	Entre 1 e menos de 3 anos	Entre 3 e menos de 5 anos	5 anos ou máis
Total	1.103,7	29,8	73,2	80,7	920,0
De 16 a 24 anos	40,3	1,6	3,3	2,5	32,9
De 25 a 34 anos	180,6	10,4	19,0	25,5	125,6
De 35 a 44 anos	292,9	9,9	25,3	25,3	232,3
De 45 a 54 anos	342,2	6,1	16,7	17,4	302,1
De 55 e más anos	247,7	1,8	8,9	9,9	227,1

*Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica ([descarga da táboa](#))*

A mobilidade da poboación ocupada de Galicia aumentou con respecto ao acontecido hai un ano. Así, a porcentaxe de persoas ocupadas que cambiou de residencia nos últimos doce meses pasou do 1,8% en 2022 ao 2,7% en 2023.

## Distribución da poboación ocupada segundo o tempo de residencia no municipio. Galicia. Anos 2022 e 2023

*Unidade: porcentaxe (%)*



*Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica ([descarga da táboa](#))*

Cabe destacar que o 36,5% da poboación ocupada residente en Galicia no primeiro trimestre de 2023 non mudara nunca de concello de residencia e o 37,1% si cambiara de municipio de residencia pero non de provincia.

Entre os ocupados e as ocupadas que no primeiro trimestre do ano 2023 levaba residindo no mesmo concello menos dun ano, o 54% cambiara a súa residencia a outro municipio da mesma provincia.



## Poboación ocupada segundo o tempo de residencia no municipio e a relación entre o municipio de residencia actual e anterior. Galicia. Ano 2023

*Unidade: miles de persoas*

Relacion entre o municipio de residencia actual e o anterior	Total	Menos dun ano	Entre 1 e menos de 3 anos	Entre 3 e menos de 5 anos	5 anos ou máis
Total	1.103,7	29,8	73,2	80,7	920,0
Ningunha variación desde o nacemento	402,4	--	--	--	402,4
Na mesma provincia	409,9	16,1	44,9	45,0	303,9
Noutra provincia, na mesma comunidade autónoma	91,1	6,0	9,5	9,0	66,6
Noutra comunidade autónoma	93,5	5,1	10,0	10,8	67,5
Noutro país	106,8	2,6	8,7	15,8	79,7

*Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica ([descarga da táboa](#))*

*Nota: (-) Non procede*

*O municipio de residencia anterior refírese ao da última variación residencial anterior á semana de referencia da EPA*


## Mobilidade da poboación parada

A mobilidade da poboación desempregada é superior á da poboación ocupada. Para o 3,7% dos galegos e das galegas que no primeiro trimestre de 2023 se atopaba en paro, transcorrera menos dun ano dende o último cambio de municipio de residencia.

### Distribución da poboación parada segundo o tempo de residencia no municipio. Galicia. Ano 2023

Unidade: porcentaxe (%)

  
Menos dun ano      Entre 1 e menos de 3 anos  
Entre 3 e menos de 5 anos      5 anos ou máis



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica ([descarga da táboa](#))

Respecto ao ano 2022, aumenta a porcentaxe de poboación parada que cambiou de domicilio nos últimos doce meses: pasa de representar o 3% en 2022 ao 3,7% en 2023.

## Poboación parada segundo o sexo e o tempo de residencia no municipio. Galicia. Ano 2023


Unidade: miles de persoas

Tempo de residencia no municipio	Total	Homes	Mulleres
Total	135,1	64,1	71,0
Menos dun ano	5,0	2,9	2,1
Entre 1 e menos de 3 anos	13,8	7,3	6,6
Entre 3 e menos de 5 anos	10,2	4,9	5,4
5 anos ou máis	106,0	49,0	57,0

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica ([descarga da táboa](#))

## Distribución da poboación parada segundo o tempo de residencia no municipio. Galicia. Anos 2022 e 2023

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica ([descarga da táboa](#))



O 32,7% da poboación parada existente en Galicia no primeiro trimestre do ano 2023 non variara de concello de residencia dende o nacemento. Entre as persoas que cambiaran de residencia no último ano, o 50% mudara de municipio de residencia pero dentro da mesma provincia.

**Poboación parada segundo o tempo de residencia no municipio e a relación entre o municipio de residencia actual e anterior. Galicia. Ano 2023**

*Unidade: miles de persoas*

Relacion entre o municipio de residencia actual e o anterior	Total	Menos dun ano	Entre 1 e menos de 3 anos	Entre 3 e menos de 5 anos	5 anos ou máis
Total	135,1	5,0	13,8	10,2	106,0
Ningunha variación desde o nacemento	44,2	--	--	--	44,2
Na mesma provincia	45,1	2,5	7,8	3,6	31,2
Noutra provincia, na mesma comunidade autónoma	9,1	0,3	1,8	1,5	5,5
Noutra comunidade autónoma	16,0	0,3	2,5	2,2	11,0
Noutro país	20,6	1,9	1,7	2,9	14,1

*Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica ([descarga da táboa](#))*

*Nota: (-) Non procede*

*O municipio de residencia anterior refírese ao da última variación residencial anterior á semana de referencia da EPA*

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:  
[https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_EPA\\_mobiliade.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_mobiliade.pdf)



---

**Para máis información:**

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>